

CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A MOBILIDADE DO PERSOAL DOCENTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ (STA) CURSO 2024/25

A Universidade da Coruña publica a convocatoria de bolsas para fomentar a mobilidade con fins docentes no marco do Programa Erasmus+.

1. OBXECTIVO

O obxectivo desta convocatoria é fomentar a dimensión internacional da Universidade da Coruña, facilitando estadias do seu profesorado noutros centros pertencentes ao espazo europeo de educación superior, co fin de realizar estadias docentes que permitan ao PDI da UDC impartir clases nunha institución de educación superior socia no estranxeiro. Durante estes períodos, **poderase combinar a ensinanza coas actividades de formación**, co fin de permitir o desenvolvemento de actividades pedagóxicas e de deseño curricular que redunden en beneficio do desenvolvemento profesional do PDI.

Estas mobilidades docentes forman parte do plan de internacionalización da UDC, polo que os participantes obterán unha certificación das actividades desenvolvidas que poderán presentar como méritos onde corresponda.

2. CENTROS DE DESTINO, NOVOS CONVENIOS

- Os centros de destino serán aquelas institucións de educación europeas coas que exista un acordo interinstitucional para a mobilidade docente STA no marco do programa Erasmus+. Os destinos dispoñibles actualízanse constantemente e poden consultarse no portal de ofertas de prazas de mobilidade docente saínte da UDC, accesible no seguinte enlace: http://www.udc.gal/ori/infprofesores/mobilidade_erasmus/STA/
- No caso de que, para poder acceder a un intercambio, o profesor desexe xestionar a concertación ou ampliación dun acordo interinstitucional de mobilidade docente STA cunha universidade distinta daquelas que xa teñen convenio coa UDC, poderá facelo a través da Oficina de Relacións Internacionais (ORI) vía correo electrónico: rrii@udc.es. Recoméndase ao profesorado que decida utilizar esta posibilidade que o faga con suficiente anticipación, e comunique ao encargado da xestión dos convenios da ORI, a súa intención polo menos con dous meses de antelación á realización da estadia. En ningún caso a ORI se compromete a garantir o éxito da negociación nin unha resposta en tempo da posible institución de destino. De non conseguir o acordo do convenio interinstitucional, ou a modificación do existente, o profesor non poderá obter a concesión da mobilidade nin a beca pretendida.

3. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

O persoal docente deberá:

- Ser parte da nómina da Universidade da Coruña nunha das categorías de persoal con dedicación docente da UDC, que perciba as súas retribucións con cargo aos capítulos I e VI dos orzamentos da UDC. Esta condición debe terse tanto no momento da solicitude da bolsa como no momento en que teña lugar a execución do programa de ensinanza na institución de acollida. **Será responsabilidade do candidato informar de calquera modificación sobre a súa relación laboral coa UDC antes do inicio da mobilidade. Tamén poderán optar a estas bolsas os profesores eméritos.**

Código Seguro De Verificación	k543HBddJmeKQTR75rfV2g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	02/05/2024 14:10:13
Observacións		Páxina	1/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k543HBddJmeKQTR75rfV2g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





2. Solicitar a mobilidade a través do portal electrónico correspondente, presentando o acordo de mobilidade de persoal (segundo o modelo do Anexo III ou IV) no que se inclúa o **programa de ensinanza coa indicación dos días e horas de docencia/formación aprobado polo centro de destino, con un mínimo de 35 días naturais de antelación á data prevista de inicio da mobilidade**. Será responsabilidade do profesor establecer o contacto cos profesores ou administradores do centro de destino para acordar as datas de visita e o programa de docencia/formación. O contido do programa de ensinanza debe cumprir cos requisitos especificados no apartado 4.
3. **Entregar na ORI, ou enviar por correo electrónico a iro@udc.es, unha copia da Tarxeta Sanitaria Europea ou da póliza contratada que dea cobertura ao período da mobilidade concedida, antes do inicio da mobilidade**, xa que no acordo co convenio de subvención asinado pola Universidade da Coruña co Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), no marco do Programa Erasmus+, especifica que o beneficiario asegurará que os participantes en actividades de mobilidade no estranxeiro teñan unha cobertura de seguro. A Tarxeta Sanitaria Europea é válida para cubrir este tipo de cobertura e pódese solicitar en liña no seguinte enlace: <https://w6.sec-social.es/solTse/jsp/Entrada.jsp> ou en <https://www.muface.es/> no caso de pertencer a MUFACE.

4. DURACIÓN E REQUISITOS DA ESTADÍA

1. A duración mínima da actividade é de dous (2) días consecutivos de docencia con mobilidade física ao destino. A duración máxima é de dous meses, aínda que **só se financiarán os días nos que se imparta docencia/formación, ata un máximo de cinco días de docencia/formación e dous días máximo de viaxe (catro días no caso de viaxe ecolóxica)**.
2. O/a docente deberá impartir e certificar, polo menos, **oito horas de clase por semana** cando a actividade de mobilidade inclúa exclusivamente docencia. En mobilidades superiores a unha semana, as horas lectivas a impartir polos días adicionais de estadía serán as proporcionais ás impartidas na semana completa (Anexo III).
3. Se a actividade docente **se combina** cunha actividade de formación durante un período único no estranxeiro, o número mínimo de horas de ensinanza por semana (ou calquera período máis curto de estadía) **reducirase a 4 horas**. Neste caso, a actividade combinada coa formación deberá describirse debidamente no impreso de acordo de docencia (Anexo IV).
4. A docencia/formación deberá **reflectirse nun programa de ensinanza acordado** entre o profesor que vai realizar a estadía e o contacto ao que se dirixa no centro de acollida, e deberá estar enmarcado preferentemente como actividade académica principal ou complementaria, na organización das titulacións oficiais do centro de acollida.
5. A actividade docente/de formación realizarase obrigatoriamente **entre o 2 de setembro de 2024 e o 30 de xuño de 2025**.

5. CONDICIÓNS ECONÓMICAS E IMPORTE DAS BECAS

Esta convocatoria será financiada con contribucións orzamentarias conxuntas da Comisión Europea (de fondos Erasmus+ do proxecto 2023-1-ES01-KA131-HED-000118792) e/ou fondos propios da Universidade da Coruña (adianto a compensar con fondos da Comisión Europea) con cargo á aplicación orzamentaria 080A 422D 481.00 por un importe inicial de 35.500 euros, sen prexuízo de que este importe poida ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

Código Seguro De Verificación	k543HBddJmeKQTR75rfV2g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	02/05/2024 14:10:13
Observacións		Páxina	2/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k543HBddJmeKQTR75rfV2g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





1. A mobilidade STA poderá ser concedida con ou sen bolsa. As mobilidades sen bolsa denominaranse "Bolsa cero".
2. As mobilidades STA con bolsas serán concedidas mediante a aplicación dos criterios de selección indicados no apartado 8, ata esgotar os fondos dispoñibles. Financiarase como máximo 5 días de docencia/formación por mobilidade física ao destino, independentemente da duración total da estadía, e un máximo de 2 días de viaxe (4 no caso de viaxe ecolóxica).
3. A bolsa consiste nunha contribución para cubrir parte dos gastos de viaxe, aloxamento e manutención e, por tanto, non está suxeita a retencións do IRPF.
4. Existen bolsas complementarias para beneficiarios con algunha discapacidade física ou necesidade especial.

Importe das bolsas

Os importes máximos das bolsas pola mobilidade física en destino serán de:

1. Bolsa de aloxamento e manutención: as cantidades dependerán do país de destino. Para o cálculo do importe **computaranse só os días da estadía nos que se imparta a docencia/formación (polo que deberán xustificarse os días exactos de docencia/formación previstos no acordo de docencia/formación e no certificado final)**, e un máximo de 2 días de viaxe (máximo de 4 días no caso de viaxe ecolóxica), sempre que os días de viaxe de ida e volta non coincidan cos días de docencia e formación.

Países de destino	Cantidade diaria que se percibirá
Grupo A – Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Suecia Países non asociados ao programa Islas Feroe, Reino Unido, Suiza	120 €
Grupo B – Alemania, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal, Andorra, Mónaco, San Marino e Estado da Cidade do Vaticano	105 €
Grupo C – Antigua República Iugoslava de Macedonia, Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, República Checa, Rumanía, Serbia, Turquía	90 €

2. Bolsa de viaxe:

Distancias	Viaxe estándar-importe	Viaxe ecolóxica - Importe
Entre 0 y 99 KM	23 EUR por participante	
Entre 100 y 499 KM	180 EUR por participante	210 EUR por participante
Entre 500 y 1.999 KM	275 EUR por participante	320 EUR por participante
Entre 2.000 y 2.999 KM	360 EUR por participante	410 EUR por participante
Entre 3.000 y 3.999 KM	530 EUR por participante	610 EUR por participante
Entre 4.000 y 7.999 KM	820 EUR por participante	
8.000 KM ou máis	1.500 EUR por participante	

Nota: A "distancia de viaxe" representa a distancia entre o lugar de orixe da UDC e o lugar de realización da actividade, mentres que o "importe" cubre a contribución tanto para a viaxe de ida ao lugar de realización da actividade como para a viaxe de volta.

Para os participantes que realicen a mobilidade física en destino facendo unha **viaxe ecolóxica**, é dicir, utilizando medios de transporte con baixas emisións (por exemplo, autobús, tren, coche eléctrico ou coche compartido) no tramo principal do percorrido entre A Coruña/Ferrol e a cidade de destino, e no retorno, financiaranse ata un máximo de 4 días de axuda individual (4 días para viaxes de máis de 2.000 km ou 2 días para viaxes ata 1.999 km).

Código Seguro De Verificación	k543HBddJmeKQTR75rfV2g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	02/05/2024 14:10:13
Observacións		Páxina	3/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k543HBddJmeKQTR75rfV2g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





O pago dos gastos de viaxe farase tendo en conta a distancia real do desprazamento dende A Coruña/Ferrol ata a cidade onde se atopa a sede da institución de destino. O cálculo das distancias reais realizarase a través da páxina web http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm

No caso de que a persoa candidata non inicie a súa viaxe desde A Coruña/Ferrol, deberá comunicar esta circunstancia á ORI en canto a coñeza e, en todo caso, antes do inicio da mobilidade, para que se reflicta no convenio financeiro.

No caso de que a persoa candidata inicie a súa viaxe desde unha cidade que, pola distancia ao destino, dea lugar a unha bolsa superior á expresada nos puntos anteriores, non se financiará a diferenza resultante do kilometraje superior.

No caso de que a persoa candidata inicie a súa viaxe desde unha cidade que, pola distancia ao destino, dea lugar a unha bolsa inferior á expresada nos puntos anteriores, reducirase a financiación correspondente á parte da viaxe en función da distancia inferior resultante.

Nestes supostos, o candidato deberá entregar na ORI o orixinal do billete de avión ou do medio de transporte que utilice para chegar ao destino, ou unha declaración responsable de ter realizado os desprazamentos e unha xustificación dos medios de transporte utilizados.

6. PAGO E DEVOLUCIÓN DAS BOLSAS

1. O pago das bolsas realizarase por transferencia bancaria. A totalidade do importe da bolsa comezará a tramitarse no momento da sinatura do convenio financeiro.
2. Deberase reintegrar o importe recibido total ou parcialmente no caso de perder a condición de formar parte da nómina da Universidade da Coruña nunha das categorías de persoal con dedicación docente (capítulos I e VI dos orzamentos da UDC).
3. No caso de non cumprir total ou parcialmente coa mobilidade ou as obrigacións previstas, deberase reintegrar o importe recibido total ou parcialmente, segundo corresponda.
4. Dentro do marco do programa Erasmus+, as circunstancias de forza maior serán "Situacións ou acontecementos imprevisibles e excepcionais alleos á vontade dos participantes, que non se deben a un erro ou unha negligencia da súa parte, e que ocorren *durante a mobilidade*". No caso de que o membro do persoal non puidese completar as actividades previstas por causas de forza maior, este reembolso non se esixirá de forma inmediata. Estes casos serán comunicados inmediatamente polo participante á ORI, que seguidamente, notificará ao SEPIE e quedarán suxeitos á aceptación por escrito da Axencia Nacional.

7. CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección entre os candidatos que soliciten bolsa para realizar a súa mobilidade Erasmus+ con fins docentes farase entre os **candidatos que teñan un programa de docencia ou docencia/formación** (segundo o modelo dos Anexos III ou IV) **aprobado polo centro de destino e presentada a solicitude cun mínimo de 35 días naturais de antelación ao inicio da estadia prevista.**

A selección farase cos seguintes criterios:

A) CRITERIOS DE EXCLUSIÓN:

1. Só se concederá financiamento para unha mobilidade de persoal con fins docentes STA no marco do programa Erasmus+ cada curso académico. Excepcionalmente, poderá concederse unha segunda mobilidade con financiamento se na resolución previa ao mes no que terá lugar dita segunda mobilidade, aínda quedasen fondos para financiar a bolsa

Código Seguro De Verificación	k543HBddJmeKQTR75rfV2g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	02/05/2024 14:10:13
Observacións		Páxina	4/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k543HBddJmeKQTR75rfV2g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





adicional solicitada. Ningún solicitante dunha segunda mobilidade poderá obter fondos con cargo ao programa Erasmus+ cando deba decidirse na mesma resolución sobre a súa solicitude e a doutra persoa que non obtivese financiamento nese mesmo ano académico.

2. As mobilidades Erasmus+ para persoal con fins docentes poderán combinarse cun componente de formación. No caso de solicitar os dous tipos de bolsas, daráselle prioridade á mobilidade con fins docentes, sempre que ambas solicitudes teñan que decidirse na mesma resolución.

B) CRITERIOS DE PRIORIDADE (POR ORDE):

1. Terá prioridade o profesorado que forme parte dos programas de docencia en inglés aos que se refire o art. 1 da Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da UDC, do 30 de abril de 2015, modificada no Consello de Goberno do 14 de abril de 2016 e do 16 de xullo de 2019, así como o profesorado participante nos programas "English friendly".
2. Daráselle prioridade ás solicitudes que inclúan períodos combinados de docencia e formación, nos que a formación permita desenvolver habilidades pedagóxicas e de deseño curricular, estando esta actividade debidamente descrita e xustificada no Anexo IV.
3. En defecto deles, terá prioridade quen solicite por primeira vez financiamento para a súa mobilidade con cargo ao programa Erasmus+, en calquera das súas versións. Terá a mesma prioridade quen solicitase o financiamento, pero non o obtivese nunca en convocatorias anteriores.
4. En defecto dos anteriores, terán prioridade as mobilidades con máis días de docencia.
5. En defecto dos anteriores, terán prioridade as mobilidades con máis horas de docencia.
6. En defecto dos anteriores, daráselle prioridade ás solicitudes que satisfagan en maior medida o cumprimento dos obxectivos do programa Erasmus+ de mobilidade con fins docentes:
 - A participación en programas de estudos conducentes á obtención dun título na institución de destino.
 - A produción de materiais didácticos e a innovación pedagóxica.
 - A consolidación dos vínculos entre departamentos e centros, que sexan útiles para preparar futuros proxectos de cooperación.
 - O fomento da formación complementaria do persoal docente da UDC.
7. En todo caso, na mesma resolución terá preferencia o persoal activo fronte ao emérito.
8. Á igualdade de condicións, terase en conta a data de solicitude.

No caso de que sexa necesario aplicar o criterio de prioridade 6 para seleccionar ás persoas beneficiarias das bolsas, a Comisión poderá pedir aos solicitantes que aporten información e documentación xustificativa que acredite o grao de cumprimento dos obxectivos especificados nese criterio.

8. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de selección para a distribución das bolsas estará formada por:

- Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización, Moisés Canle López.
- Adxunto de Mobilidade e Convenios, Bruno Casal Rodríguez.
- Xefa de negociado da ORI, Begoña Fernández Hermida.

Código Seguro De Verificación	k543HBddJmeKQTR75rfV2g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	02/05/2024 14:10:13
Observacións		Páxina	5/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k543HBddJmeKQTR75rfV2g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



9. SOLICITUDE E RESOLUCIÓNS DE ADXUDICACIÓN DAS BOLSAS

A) COMO CUBRIR A SOLICITUD EN LIÑA E PRAZO NO QUE DEBE ESTAR CUBERTA:

1. Todos os candidatos que soliciten unha mobilidade deberán cubrir unha única solicitude en liña a través do portal electrónico para persoal saínte, dispoñible no enlace: http://www.udc.gal/ori/infprofesores/mobilidade_erasmus/STA/
2. Accederase ao portal en liña no que se presenta a solicitude electrónica coas credenciais de usuario da UDC.
3. Antes de comezar a cubrir a solicitude, recoméndase ler detidamente as instrucións que se detallan no portal e na solicitude en liña. As solicitudes que non se cubran seguindo estas indicacións poderán ser excluídas do proceso de selección.
4. **A solicitude debe estar cuberta por completo, co acordo de mobilidade persoal subido ao portal electrónico asinado polo candidato e pola institución de destino, polo menos trinta e cinco días antes do inicio da mobilidade.**

B) DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE APORTAR Á SOLICITUD EN LIÑA, SUBINDO Á APLICACIÓN OS DOCUMENTOS SEGUINTES EN VERSIÓN ELECTRÓNICA E NO LUGAR CORRESPONDENTE:

1. Todos os candidatos subirán ao portal un **acordo de mobilidade** de persoal, asinado polo centro de destino e polo solicitante, e debidamente cuberto conforme ao modelo do anexo III (se só se realizan actividades de docencia) ou anexo IV (se se combinan actividades de docencia e formación).
2. **No caso de que se desexe facer valer este mérito, deberase indicar na solicitude en liña que o docente ten asignada no POD docencia en inglés**, dentro dos programas de docencia en inglés aos que se refire a Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da UDC, do 30 de abril de 2015, modificada no Consello de Goberno do 14 de abril de 2016 e 16 de xullo de 2019, así como a participación nos programas "English friendly". A ORI comprobará de oficio dita asignación.
3. No caso de que o candidato teña previsto non iniciar a súa viaxe desde A Coruña, deberá aportar un escrito onde explique o motivo desta circunstancia e, na medida do posible, deberá tamén aportar algunha documentación que poida confirmar a cidade de saída e de destino (por exemplo, a reserva do billete de avión ou do medio de transporte que utilice para chegar a destino).

Todos os datos de carácter persoal serán procesados de acordo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

C) PLAZOS DE RESOLUCIÓN E ADXUDICACIÓN DAS BOLSAS

Seguindo as instrucións actualizadas de Erasmus+, non se poderán conceder bolsas ás movilidades xa realizadas, polo que:

1. Os prazos de resolución das bolsas serán:

O último día hábil de cada mes, sendo a primeira resolución no mes de xuño de 2024, para solicitudes recibidas ata CINCO DÍAS HÁBILES ANTES do dito día hábil no mes natural no cal se publicará a resolución, agás na resolución do mes de decembro, na cal por razóns de peche do ano económico só se incluírán as solicitudes completas recibidas ata cinco días hábiles antes do 16 de decembro, data da resolución do dito mes de decembro. Estas solicitudes deberán incluír **OBRIGATORIAMENTE os acordos de mobilidade STA previamente aprobados polos centros de destino**. As solicitudes recibidas entre o 9 e o 31 de decembro incluíranse na resolución do mes de xaneiro de 2025, sempre e cando se axusten ao requerido na

Código Seguro De Verificación	k543HBddJmeKQTR75rfV2g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	02/05/2024 14:10:13
Observacións		Páxina	6/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k543HBddJmeKQTR75rfV2g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



convocatoria. Calquera mobilidade que se realice antes da correspondente resolución considerarase mobilidade con "Beca cero".

2. As concesións comunicaráselles por correo electrónico directamente ás persoas interesadas. Ao mesmo tempo, publicaranse as resolucións de concesións en http://www.udc.gal/ori/infprofesores/mobilidade_erasmus/STA/.

10. ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

1. Tras recibir o correo electrónico no que se notifica a aprobación da súa mobilidade pola UDC, os candidatos deberán formalizar a súa aceptación ou renuncia á mobilidade nun prazo de 5 días naturais, se non o fixeran antes.
2. A aceptación ou renuncia realizarase a través do portal electrónico para persoal de intercambio saínte, dispoñible en: http://www.udc.gal/ori/infprofesores/mobilidade_erasmus/STA/
3. No caso de realizar unha viaxe ecolóxica, a persoa adxudicataria deberá comunicalo á ORI por correo electrónico a iro@udc.es, indicando o medio de transporte ecolóxico que vai utilizar e achegando as evidencias da viaxe (reserva de billete ou declaración responsable das persoas que comparten o vehículo, identificación e características do automóbil).
4. Unha vez aceptada a mobilidade, con ou sen bolsa, e publicada a resolución, as persoas beneficiarias deberán **asinar un convenio financeiro coa Universidade de A Coruña. Esta comunicación debe realizarse antes do inicio da mobilidade.** Este convenio enviaráselle ao destinatario por parte da ORI e deberá ser asinado polo profesor tan axiña como sexa posible e, en todo caso, antes do comezo da mobilidade.

11. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

ANTES DA MOBILIDADE

Os adxudicatarios deberán entregar na ORI antes de iniciar o período de mobilidade os seguintes documentos:

1. Unha copia do seguro médico contratado ou Tarxeta Sanitaria Europea, válida para cubrir a mobilidade física a destino. Este documento pódese solicitar en liña no seguinte enlace: <https://w6.seg-social.es/solTse/jsp/Entrada.jsp>
2. O convenio financeiro asinado antes do inicio previsto de mobilidade. As persoas adxudicatarias que incumpran esta obriga decaerán dos seus dereitos.
3. No caso de renuncia ou modificación de datas da mobilidade, a persoa adxudicataria deberá comunicalo á ORI o máis axiña posible e, **en todo caso, antes do inicio da mobilidade.** As persoas adxudicatarias que incumpran esta obriga decaerán dos seus dereitos e quedarán excluídas na convocatoria do ano inmediatamente posterior.

DURANTE A MOBILIDADE

Comunicar inmediatamente á ORI por escrito calquera situación de forza maior.

TRAS A MOBILIDADE

1. Nun período máximo de 10 días naturais tras a realización da estadia, a persoa beneficiaria da mobilidade Erasmus+ presentará na Oficina de Relacións Internacionais a seguinte documentación:
 - a) **Xustificación orixinal do desprazamento** (preferentemente presentárase: tarxetas de embarque, billetes de tren, recibos de autoestrada, repostaxe, quilometraxe, etc.), ou unha declaración responsable de ter realizado os desprazamentos e xustificación dos medios de transporte utilizados. No caso de que o candidato non inicie a súa viaxe desde A Coruña, deberá entregar tamén o billete de avión ou do medio de transporte que utilizou para chegar a destino.

Código Seguro De Verificación	k543HBddJmeKQTR75rfV2g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	02/05/2024 14:10:13
Observacións		Páxina	7/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k543HBddJmeKQTR75rfV2g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





b) O orixinal da certificación de fin de estadia segundo o modelo do anexo I (estadias de docencia) ou Anexo II (estadia de docencia e formación), indicando tanto o período como os días exactos de docencia/formación.

2. Do mesmo xeito, deberá elaborar un **Informe final (“cuestionario UE”)** sobre as actividades realizadas segundo o modelo que lle será facilitado a través da plataforma do **“Módulo do Beneficiario”**. Para os efectos de cubrir este informe, o profesor recibirá un correo electrónico da plataforma correspondente coas indicacións sobre o procedemento e o prazo para facelo.
3. No caso de que a persoa beneficiaria teña incluída no seu programa de docencia a actividade de desenvolvemento de competencias pedagóxicas e de deseño curricular, deberá presentar un resumo do resultado desta actividade.

12. PRAZO DE VIXENCIA DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria permanecerá aberta desde o primeiro día da súa publicación na páxina web da ORI e ata o **30 de maio de 2025**.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou RGPD), e co artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia desta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto rúa Maestranza 9, 15001, a Coruña, teléfono 987167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal. A solicitude dunha destas bolsas na Universidade da Coruña implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD). Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos Taboleiros físicos da UDC e no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en ditos Taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais. A persoa interesada consente no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderán ser exercidos mediante unha solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Rectorado da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001. A Coruña ou ao correo electrónico rpd@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, xunto cunha fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos, á mesma dirección postal

Código Seguro De Verificación	k543HBddJmeKQTR75rfV2g==	Estado	Asinado	Data e hora	02/05/2024 14:10:13
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Páxina	8/17		
Observacións					
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k543HBddJmeKQTR75rfV2g==				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				



anteriormente indicada, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Do mesmo xeito, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Para máis información:
Oficina de Relacións Internacionais
Casa do Lagar
Campus de Elviña
Tel: 981 167 000 (ext. 1956)
Correo electrónico: iro@udc.gal

O reitor
Ricardo J. Cao Abad

ANEXOS

- Anexo I: Modelo de certificado de fin de estadía con fins docentes
- Anexo II: Modelo de certificado de fin de estadía con fins docentes e de formación
- Anexo III: Modelo de acordo de mobilidade de persoal STA con fins docentes
- Anexo IV: Modelo de acordo de mobilidade de persoal STA con fins docentes e de formación
- Anexo V: Declaración xurada xustificativa da viaxe.

Código Seguro De Verificación	k543HBddJmeKQTR75rfV2g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	02/05/2024 14:10:13
Observacións		Páxina	9/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k543HBddJmeKQTR75rfV2g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Anexo I – Modelo de certificado de fin de estadia con fins docentes

CERTIFICATE OF ATTENDANCE

Name of the host institution:

.....

IT IS HEREBY CERTIFIED THAT:

Mr./Ms.....

from the UNIVERSIDADE DA CORUÑA
(name of the home institution)

performed the teaching assignment specified under the ERASMUS+ programme (Staff mobility for teaching) at our institution

In presence mobility

Virtual mobility

on the following specific days (min. 2 consecutive working days):

_____	,	_____	,	_____
day		month		year
_____	,	_____	,	_____
day		month		year
_____	,	_____	,	_____
day		month		year
_____	,	_____	,	_____
day		month		year
_____	,	_____	,	_____
day		month		year

(add lines if required)

Total teaching hours performed: _____ (min. 8 hours/week)

Date

Stamp and Signature

Name of the signatory:

Function:

Código Seguro De Verificación	k543HBddJmeKQTR75rfV2g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	02/05/2024 14:10:13
Observacións		Páxina	10/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k543HBddJmeKQTR75rfV2g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Anexo II – Modelo de certificado de fin de estadia con fins docentes e de formación

CERTIFICATE OF ATTENDANCE

Name of the host institution:
.....

IT IS HEREBY CERTIFIED THAT:

Mr./Ms.....

from the UNIVERSIDADE DA CORUÑA
(name of the home institution)

performed the teaching/training assignment specified under the ERASMUS+ programme (Staff mobility for teaching) at our institution

In presence mobility

Virtual mobility

On the following specific days (min. 2 consecutive working days):

_____	_____	_____
day	month	year
_____	_____	_____
day	month	year
_____	_____	_____
day	month	year
_____	_____	_____
day	month	year
_____	_____	_____
day	month	year

(add lines if required)

Total teaching hours performed: _____ (min. 4 hours/week)

Date

Stamp and Signature

Name of the signatory:

Function:

Código Seguro De Verificación	k543HBddJmeKQTR75rfV2g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	02/05/2024 14:10:13
Observacións		Páxina	11/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k543HBddJmeKQTR75rfV2g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO III – Modelo de acordo de mobilidade de persoal STA con fins docentes



Mobility Agreement Staff Mobility For Teachingⁱ

Planned period of the physical mobility: from [day/month/year] to [day/month/year]

Duration (days) – excluding travel days:

If applicable, planned period of the virtual component: from [day/month/year] to [day/month/year]

The Teacher

Last name (s)		First name (s)	
Seniority ⁱⁱ		Nationality ⁱⁱⁱ	
Gender [Male /Female/Undefined]		Academic year	2024/25
E-mail			

The Sending Institution/Enterprise^{iv}

Name	UNIVERSIDAD DE A CORUÑA		
Erasmus code ^v (if applicable)	E LA-CORU01	Department/unit	Oficina de Relaciones Internacionais
Address	O Lagar Campus Elviña 15071 A Coruña	Country/ Country code ^{vi}	SPAIN ES
Contact person name and position	Bruno Casal Rodríguez Head IRO	Contact person e-mail / phone	Bruno Casal Rodríguez Email: erasmus@udc.gal Tel : +34981167000
Type of enterprise:	Higher Education Institution	Size of enterprise (if applicable)	<input type="checkbox"/> <250 employees <input checked="" type="checkbox"/> >250 employees

The Receiving Institution

Name		Department/unit	
Erasmus code (if applicable)			
Address		Country/ Country code	
Contact person name and position		Contact person e-mail / phone	

Código Seguro De Verificación	k543HBddJmeKQTR75rfV2g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	02/05/2024 14:10:13
Observacións		Páxina	12/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k543HBddJmeKQTR75rfV2g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



For guidelines, please look at the end notes on page 3.



Section to be completed BEFORE THE MOBILITY

I. PROPOSED MOBILITY PROGRAMME

Main subject field^{vii}:

Level (select the main one): Short cycle (EQF level 5) ; Bachelor or equivalent first cycle (EQF level 6) ; Master or equivalent second cycle (EQF level 7) ; Doctoral or equivalent third cycle (EQF level 8)

Number of students at the receiving institution benefiting from the teaching programme:

Number of teaching hours^{viii}:

Language of instruction:

Overall objectives of the mobility:

Added value of the mobility (in the context of the modernisation and internationalisation strategies of the institutions involved):

Content of the teaching programme (including the virtual component, if applicable):

Expected outcomes and impact (e.g. on the professional development of the teaching staff member and on the competences of students at both institutions):

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation_validation CSV: 4VDSGRMCF90B30MAH72ULMMO Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 29/05/2024 12:38:04. Página 13 de un total de 17 página(s).

Código Seguro De Verificación	k543HBddJmeKQTR75rfV2g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	02/05/2024 14:10:13
Observacións		Páxina	13/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k543HBddJmeKQTR75rfV2g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



II. COMMITMENT OF THE THREE PARTIES

By signing^{ix} this document, the teaching staff member, the sending institution/enterprise and the receiving institution confirm that they approve the proposed mobility agreement.

The sending higher education institution supports the staff mobility as part of its modernisation and internationalisation strategy and will recognise it as a component in any evaluation or assessment of the teaching staff member.

The teaching staff member will share his/her experience, in particular its impact on his/her professional development and on the sending higher education institution, as a source of inspiration to others.

The teaching staff member and the beneficiary institution commit to the requirements set out in the grant agreement signed between them.

The teaching staff member and the receiving institution will communicate to the sending institution/enterprise any problems or changes regarding the proposed mobility programme or mobility period.

The teacher	
Name:	
Signature:	Date:
The sending institution/enterprise	
Name of the responsible person: Bruno Casal Rodríguez – Head IRO	
Signature:	Date:
The receiving institution	
Name of the responsible person:	
Signature:	Date:

ⁱ In case the mobility combines teaching and training activities, this **template** should be used and adjusted to fit both activity types

ⁱⁱ **Seniority:** Junior (approx. < 10 years of experience), Intermediate (approx. > 10 and < 20 years of experience) or Senior (approx. > 20 years of experience).

ⁱⁱⁱ **Nationality:** Country to which the person belongs administratively and that issues the ID card and/or passport.

^{iv} All references to "**enterprise**" are only applicable to mobility for staff between Programme Countries or within Capacity Building projects.

^v **Erasmus Code:** A unique identifier that every higher education institution that has been awarded with the Erasmus Charter for Higher Education receives. It is only applicable to higher education institutions located in Programme Countries.

^{vi} **Country code:** ISO 3166-2 country codes available at: <https://www.iso.org/obp/ui/#search>.

^{vii} The [ISCED-F 2013 search tool](http://ec.europa.eu/education/tools/iscsed-f_en.htm) (available at http://ec.europa.eu/education/tools/iscsed-f_en.htm) should be used to find the ISCED 2013 detailed field of education and training.

^{viii} A minimum of 8 teaching hours per week (or any shorter period of stay) has to be respected. If the mobility lasts longer than one week, the minimum number of teaching hours for an incomplete week shall be proportional to the duration of that week. If the teaching activity is combined with a training activity during a single period abroad, the minimum is reduced to 4 teaching hours per week (or any shorter period of stay). There is no minimum number of teaching hours for invited staff from enterprises.

^{ix} Circulating papers with original signatures is not compulsory. Scanned copies of signatures or electronic signatures may be accepted, depending on the national legislation of the country of the sending institution (in the case of mobility with Partner Countries: the national legislation of the Programme Country). Certificates of attendance can be provided electronically or through any other means accessible to the staff member and the sending institution.

Código Seguro De Verificación	k543HBddJmeKQTR75rfV2g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	02/05/2024 14:10:13
Observacións		Páxina	14/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k543HBddJmeKQTR75rfV2g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO IV – Modelo de acordo de mobilidade de personal STA con fins docentes e de formación



Mobility Agreement

Staff Mobility For Teaching/Training^x

Planned period of the physical mobility: from [day/month/year] to [day/month/year]

Duration (days) – excluding travel days:

If applicable, planned period of the virtual component: from [day/month/year] to [day/month/year]

The Teacher

Last name (s)		First name (s)	
Seniority ^{xi}		Nationality ^{xii}	
Gender [Male/ Female/Undefined]		Academic year	2024/25
E-mail			

The Sending Institution/Enterprise^{xiii}

Name	UNIVERSIDAD DE A CORUÑA		
Erasmus code ^{xiv} (if applicable)	E LA-CORU01	Department/unit	Oficina de Relacións Internacionais
Address	O Lagar Campus Elviña 15071 A Coruña	Country/ Country code ^{xv}	SPAIN ES
Contact person name and position	Bruno Casal Rodríguez Head IRO	Contact person e-mail / phone	Bruno Casal Rodríguez Email: erasmus@udc.gal Tel : +34981167000
Type of enterprise:	Higher Education Institution	Size of enterprise (if applicable)	<input type="checkbox"/> <250 employees <input checked="" type="checkbox"/> >250 employees

The Receiving Institution

Name		Department/unit	
Erasmus code (if applicable)			
Address		Country/ Country code	
Contact person name and position		Contact person e-mail / phone	

Código Seguro De Verificación	k543HBddJmeKQTR75rfV2g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	02/05/2024 14:10:13
Observacións		Páxina	15/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k543HBddJmeKQTR75rfV2g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





For guidelines, please look at the end notes on page 3.



Erasmus+ Higher Education
Mobility Agreement form
Participant's name

Section to be completed BEFORE THE MOBILITY

I. PROPOSED MOBILITY PROGRAMME

Main subject field^{vi}:

Level (select the main one): Short cycle (EQF level 5) ; Bachelor or equivalent first cycle (EQF level 6) ; Master or equivalent second cycle (EQF level 7) ; Doctoral or equivalent third cycle (EQF level 8)

Number of students at the receiving institution benefiting from the teaching programme:

Number of teaching hours^{vii}:

Language of instruction/training:

Overall objectives of the mobility:

Added value of the mobility (in the context of the modernisation and internationalisation strategies of the institutions involved):

Content of the teaching programme (including the virtual component, if applicable):

Training activities to be carried out (specify training days):

Training activity to develop pedagogical and/or curriculum design skills:
Yes No

Código Seguro De Verificación	k543HBddJmeKQTR75rfV2g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	02/05/2024 14:10:13
Observacións		Páxina	16/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k543HBddJmeKQTR75rfV2g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



II. COMMITMENT OF THE THREE PARTIES

By signing^{xviii} this document, the teaching staff member, the sending institution/enterprise and the receiving institution confirm that they approve the proposed mobility agreement.

The sending higher education institution supports the staff mobility as part of its modernisation and internationalisation strategy and will recognise it as a component in any evaluation or assessment of the teaching staff member.

The teaching staff member will share his/her experience, in particular its impact on his/her professional development and on the sending higher education institution, as a source of inspiration to others.

The teaching staff member and the beneficiary institution commit to the requirements set out in the grant agreement signed between them.

The teaching staff member and the receiving institution will communicate to the sending institution/enterprise any problems or changes regarding the proposed mobility programme or mobility period.

<p>The teacher</p> <p>Name:</p> <p>Signature: Date:</p>
<p>The sending institution/enterprise</p> <p>Name of the responsible person: Bruno Casal Rodríguez – Head IRO</p> <p>Signature: Date:</p>
<p>The receiving institution</p> <p>Name of the responsible person:</p> <p>Signature: Date:</p>

^x In case the mobility combines teaching and training activities, this **template** should be used and adjusted to fit both activity types

^{xi} **Seniority:** Junior (approx. < 10 years of experience), Intermediate (approx. > 10 and < 20 years of experience) or Senior (approx. > 20 years of experience).

^{xii} **Nationality:** Country to which the person belongs administratively and that issues the ID card and/or passport.

^{xiii} All references to "**enterprise**" are only applicable to mobility for staff between Programme Countries or within Capacity Building projects.

^{xiv} **Erasmus Code:** A unique identifier that every higher education institution that has been awarded with the Erasmus Charter for Higher Education receives. It is only applicable to higher education institutions located in Programme Countries.

^{xv} **Country code:** ISO 3166-2 country codes available at: <https://www.iso.org/obp/ui/#search>.

^{xvi} The [ISCED-F 2013 search tool](http://ec.europa.eu/education/tools/iscfed-f_en.htm) (available at http://ec.europa.eu/education/tools/iscfed-f_en.htm) should be used to find the ISCED 2013 detailed field of education and training.

^{xvii} A minimum of 8 teaching hours per week (or any shorter period of stay) has to be respected. If the mobility lasts longer than one week, the minimum number of teaching hours for an incomplete week shall be proportional to the duration of that week. If the teaching activity is combined with a training activity during a single period abroad, the minimum is reduced to 4 teaching hours per week (or any shorter period of stay). There is no minimum number of teaching hours for invited staff from enterprises.

^{xviii} Circulating papers with original signatures is not compulsory. Scanned copies of signatures or electronic signatures may be accepted, depending on the national legislation of the country of the sending institution (in the case of mobility with Partner Countries: the national legislation of the Programme Country). Certificates of attendance can be provided electronically or through any other means accessible to the staff member and the sending institution.

Código Seguro De Verificación	k543HBddJmeKQTR75rfV2g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	02/05/2024 14:10:13
Observacións		Páxina	17/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/k543HBddJmeKQTR75rfV2g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

